

MONSTR3S



LAURA PARRULA

SINOPSE

Chega a hora de durmir e o pequeno pide deixar a luz acesa porque ten medo do mostro de debaixo da cama. Coma nun teatriño, a lectora vai descubrindo que nese cuarto habitan tres criaturas diferentes, e goza de saber que ningunha sabe da existencia das outras. De forma divertida e emocionante, este conto, a modo de kamishibai, móstranos como as criaturas se atopan, se asustan e se reconcilian, mentres o escenario vai cambiando e se vai ordenando e desordeando en función do estado anímico dos personaxes. Ten un final con moitas posibilidades que fará gozar a lectoras e mediadoras da lectura, que non podemos desvelar nesta sinopse porque tedes que ler este libro.

Monstr3s é un libro cun formato innovador, que semella unha peza de teatro ou unha película antiga, cunha presentación minimalista pero ao tempo, cheo de chiscadelas para o ollo que quere observar.

Estamos moi orgullosos deste traballo no que Óscar Villán, o ilustrador, soubo reflectir unha narrativa complexa, pois son tres universos diferentes no mesmo escenario, ilustrados de forma elegante e extremadamente creativa.

A engranaxe entre texto e imaxe, entre o que pasa e o que se di, é moi delicada neste álbum, que pretende beber da natureza propio do libro do libro álbum e xerar unha narrativa nova que xorde da mestura das linguaxes verbal, icónica e paratextual.

...



Editora	PATAS DE PEIXE
Materia	BANDA DESEÑADA INFANTIL
Colección	VARIOS
EAN	9788494634154
Estado	Disponible
Encadernación	Tapa dura
Páxinas	40
Tamaño	297x210x460 mm.
Peso	200
Prezo (Imp.inc.)	15,90€
Idioma	Galego
Data de lanzamento	24/05/2023

Títulos relacionados



A CORNECHA E A
XIBARDO
JULIA DONALDSON;
AXEL SCHEFFLER



ONDE ESTÁ A
MAMÁ?
JULIA DONALDSON;
AXEL SCHEFFLER



QUEDA SITIO
NA VASOIRA ?
JULIA
DONALDSON



O LIBRO DOS
OPOSTOS, PRIMEIRAS
PALABRAS PARA
PICARAS E PICA
SARAH POWELL; BARBI
SIDO